

Reforzo Unidade 2.

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

Coñecemento da lingua

1. Localiza no texto as oracións que se solicitan.

—Xa están aí papá e mamá! —dixo Iker correndo coma un foguete cara á entrada.

—Non corras pola casa —berrou a súa avoa.

Pero Iker non fixo nin caso. Abriu a porta e lanzouse cara ao seu pai. Os seus pais déronlle un bico, collérono pola man e entraron. Iker só sabía preguntarlles cousas sobre a viaxe: que tal o pasastes na viaxe? , estivestes no estadio?, que foi o que máis vos gustou?, botástesme de menos?...

—Para xa Iker, deixa falar aos teus pais.

A súa nai sorriu e collendo a Iker díxolle: Pasámolo moi ben, fillo! E mercamos algo para ti. Oxalá che guste. Ao mellor non é o que cres. Non demos atopado nada do que nos pediches. Veña, ábreo!

—Que é? Preguntou Iker mentres abría entusiasmado o paquete.



- Oración exclamativa: _____
- Oración interrogativa: _____
- Oración imperativa: _____
- Oración enunciativa afirmativa: _____
- Oración enunciativa negativa: _____
- Oración desiderativa: _____
- Oración dubitativa: _____

2. Transforma as oracións enunciativas seguintes no solicitado.

- O xersei parece moi suave (dubitativa).

- A policía chegou moi rápido (interrogativa).

- O coche está apagado (imperativa).

3. Escribe oracións dos seguintes tipos.

- Oración exclamativa. _____
- Oración enunciativa afirmativa. _____
- Oración desiderativa _____

Reforzo Unidade 2.

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

Coñecemento da lingua

1. Completa.

- O _____ é a unión de dúas vogais na mesma sílaba. Unha desas _____ ten que ser pechada.
- O _____ está formado por dúas vogais seguidas que se pronuncian en diferentes _____.

2. Rodea as palabras que teñan ditongo e subliña as que teñan hiato.

Aceiro	Rúa	Acentúo	Astronomía
Regresei	Gratuíto	Madeira	Meu

3. Explica por que as seguintes palabras con ditongo e hiato levan ou non acento gráfico.

- Diálogo: _____
- Mercadoría: _____
- Diúrno: _____
- Farmacéutica: _____
- Cafeteira: _____
- Suízo: _____

4. Escribe unha oración con cada unha das palabras anteriores.

5. Escribe o ditado.

Reforzo Unidade 2.

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

Literatura

1. Le o seguinte.

A **rima** dos versos pode ser:

- **Asonante:** cando na última palabra do verso coinciden as vogais.
- **Consonante:** cando na última palabra do verso coinciden vogais e consonantes

A **métrica** dos versos:

- **Arte menor:** cando os versos teñen oito sílabas ou menos.
- **Arte maior:** cando os versos teñen máis de oito sílabas.

Á hora de medir os versos dun poema hai que ter en conta:

- **Sinalefa:** Cando nun verso unha palabra remata en vogal e a seguinte comeza por vogal ou h, poden pronunciarse nunha soa sílaba.
- Se a última palabra dun verso é **aguda**, hai que contar unha sílaba máis, e se é **esdrúxula**, hai que contar unha sílaba menos.

2. Tendo en conta o lido, analiza este poema de Manuel Curros Enríquez.

Entonces, unha señora
toda de luz rodeada,
de estreliñas coroadada
que como diamantes son,
cun mantelo na cabeza
de pano negro moi lindo,
caladamente, sorrindo,
entrou pola habitación.


